



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Recursos bibliográficos e xéneros científicos		Código	613836005
Titulación	Mestrado Universitario en Lingüística Aplicada (2013)			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	3
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	López Viñas, Xoán	Correo electrónico	xoan.lopezv@udc.es	
Profesorado	López Viñas, Xoán	Correo electrónico	xoan.lopezv@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Os obxectivos da materia serán os seguintes: 1. Tomar conciencia da relevancia que ten o dominio da lectura e da escrita académica no ámbito universitario. 2. Adquirir competencias para a xestión dos recursos lingüísticos e a información lingüística para propósitos académicos e de investigación, o cal implica: 2.1. Coñecer as fontes relevantes de información bibliográfica e saber acceder a elas. 2.2. Saber utilizar adecuadamente os recursos e equipamentos. 2.3. Dominar a tecnoloxía para rexistrar datos. 2.4. Familiarizarse co manexo de fontes documentais. 3. Coñecer os xéneros científicos habituais no ámbito da lingüística. 4. Adquirir competencias para planificar, desenvolver e redactar traballos de investigación lingüística.			
Plan de continxencia	1. Modificacións nos contidos Non se realizarán mudanzas nos contidos. 2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen Manteranse todas as metodoloxías. Unicamente será modificada a modalidade de impartición nas metodoloxías que impliquen presencialidade, a cal será substituída pola modalidade de impartición telemática, realizando sesións síncronas/asíncronas a través de Teams ou ben facilitando presentacións xerais e breves lecturas complementares a través da plataforma Moodle. *Metodoloxías docentes que se modifican Ningunha. 3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado Correo electrónico, Moodle e Teams. 4. Modificacións na avaliación Manteranse todas as metodoloxías presentes na avaliación con normalidade presencial adaptada. No caso da avaliación da "Sesión maxistral", en que se computa a asistencia e a participación do alumnado, estas serán de modo telemático. *Observacións de avaliación: Non hai. 5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Non se realizarán mudanzas. Se for necesario, o alumnado disporá de todos os materiais de traballo de maneira dixitalizada en Moodle.			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A9	Capacidade para xestionar os recursos lingüísticos e a información lingüística para propósitos académicos e de investigación (identificación e acceso a bibliografía, utilización apropiada de recursos e equipamentos, utilización de tecnoloxía para rexistrar datos, manexo de bases de datos, etc.)



B1	Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación.
B2	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en ámbitos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
B3	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
B4	Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións ?e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan? a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades.
B5	Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en boa medida autodirixido ou autónomo.
B6	Capacitación dos estudantes para que adquiran coñecementos lingüísticos especializados e habilidades para analizar criticamente as propostas máis relevantes no ámbito dos estudos lingüísticos.
B7	Adquisición dos fundamentos metodolóxicos e críticos que permitan aos estudantes acceder ao exercicio da actividade profesional cunha formación versátil e interdisciplinar.
B8	Capacidade dos estudantes no manexo das novas tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas ao campo dos estudos lingüísticos, así como indicar a súa utilidade na práctica profesional e investigadora.
B9	Capacidade dos estudantes para abrir vías de investigación novidosas no ámbito dos estudos lingüísticos, dotándoas de aplicación práctica para a súa transferencia a distintos ámbitos profesionais
C1	Expresión correcta, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	Dominio da expresión e a comprensión oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	Utilización das ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C7	Asunción, como profesional e como cidadán/a, da importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valoración da importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

## Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
	AI9	BI1 BI5 BI8	CM3 CM7 CM8
Xestionar e integrar os recursos lingüísticos e a información lingüística en contextos académicos e de investigación, o cal implica coñecer e manexar as fontes relevantes de información bibliográfica e saber acceder a elas dominando a tecnoloxía para rexistrar datos.		BI1 BI2 BI3 BI5 BI6 BI7 BI9	CM8
Coñecer os xéneros científicos habituais no ámbito da lingüística e aplicar os fundamentos metodolóxicos e críticos a estes xéneros.		BI4 BI5 BI9	CM1 CM2
Planificar, desenvolver e redactar traballos de investigación lingüística.		BI2 BI3	CM7 CM8
Dominar a lectura e a escrita académicas no ámbito universitario, e valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico.			

## Contidos

Temas	Subtemas
-------	----------



1. O TEXTO ACADÉMICO-CIENTÍFICO	<p>1.1. A lectura e a escrita académicas no ámbito universitario</p> <p>1.2. Características xerais dos textos académico-científicos</p> <p>1.3. Os xéneros científicos</p>
2. FONTES DOCUMENTAIS NO ÁMBITO ACADÉMICO-CIENTÍFICO	<p>2.1. Tipoloxía de fontes documentais</p> <p>2.2. Recursos bibliográficos en liña</p> <p>2.2.1. Catálogos bibliotecarios</p> <p>2.2.2. Bases de datos bibliográficas</p> <p>2.2.3. Repositorios textuais</p> <p>2.3. Contido e organización das principais bases de datos de lingüística e linguas</p> <p>2.4. Creación e xestión de bases de datos persoais</p> <p>2.4.1. Manexo dos xestores bibliográficos para a importación e xestión de contidos</p> <p>2.4.2. Refworks</p>
3. PLANIFICACIÓN DO TRABALLO CIENTÍFICO: SELECCIÓN, ORGANIZACIÓN E PRESENTACIÓN DA INFORMACIÓN	<p>3.1. Preescrita: o deseño do traballo</p> <p>3.1.1. Temas: problemas, preguntas, hipóteses</p> <p>3.1.2. Metodoloxías: estratexias, focaxes e técnicas</p> <p>3.2. Escrita: a redacción do traballo</p> <p>3.2.1. As partes do texto: escribir introducións e conclusións</p> <p>3.2.2. Sintetizar información: paráfrases, citas e referencias</p> <p>3.2.3. Redactar parágrafos académicos</p> <p>3.3. Postescrita: avaliación e corrección lingüística</p>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	B5 B7 C7 C8	5	0	5
Prácticas a través de TIC	A9 B1 B2 B3 B6 C1 C2	7	17	24
Lecturas	A9 B1 B2 B3 B6 C2 C1	0	6	6
Traballos tutelados	A9 B1 B2 B3 B5 B6 B7 B8 B9 C1 C2 C3 C8	1	20	21
Presentación oral	B2 B3 B4 B5 C2 C1	2	10	12
Atención personalizada		7	0	7

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	<p>Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dos traballos e exercicios a desenvolver polo estudante. Son 5 horas presenciais.</p> <p>O curso iniciarase cunha sesión presencial en que o profesor describirá os contidos, a planificación, a metodoloxía docente e o sistema de avaliación da materia e resolverá todas as dúbidas que lle formule o alumnado en relación con estas cuestións.</p>
Prácticas a través de TIC	<p>Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedementais relacionadas coa materia obxecto de estudo. Desenvolveranse con equipamento especializado nunha aula informática. As actividades, prácticas e exercicios suman 24 horas: 7 horas presenciais e 17 non presenciais.</p>
Lecturas	<p>Para o seguimento da materia e a preparación das discusións, haberá textos de lectura obrigatoria cada semana. Ás lecturas dedicarase 6 horas de traballo autónomo non presenciais.</p>



Traballos tutelados	Cada estudante, de maneira individual ou en grupo, elaborará un documento sobre a temática da materia ou preparará un seminario en que se expoñerán e debaterán as investigacións e lecturas levadas a cabo. Son 20 horas de traballo fóra da aula máis 1 hora na aula.
Presentación oral	Exposición ou presentación oral por parte do alumnado dalgún dos temas ou prácticas que se traten no curso. Poden ser as lecturas semanais de textos previamente escollidos e dispostos para o aprofundamento e discusión académica dos temas do programa. O tempo requirido será de 2 horas presenciais e 10 horas de preparación fóra da aula.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Prácticas a través de TIC Presentación oral Traballos tutelados Lecturas	As dúbidas poden ser resoltas na aula e/ou por correo electrónico. O atendimento pode ser no despacho e/ou por correo electrónico.

### Avaliación

Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Prácticas a través de TIC	A9 B1 B2 B3 B6 C1 C2	Un 45 % obterase da realización de PRÁCTICAS con exercicios preparados en horas non presenciais. Poderase considerar deste 45 %, un 10 % para PRESENTACIÓN na clase ou online do traballo de curso. No seu lugar podería facerse a exposición oral dunha lectura ou dunha das prácticas preparadas fóra da clase.	45
Traballos tutelados	A9 B1 B2 B3 B5 B6 B7 B8 B9 C1 C2 C3 C8	Un 45% corresponderá á realización dun TRABALLO TUTELADO, cuxas instrucións se darán nas primeiras sesións do curso.	45
Sesión maxistral	B5 B7 C7 C8	Un 10 % da nota final responderá á ASISTENCIA, PARTICIPACIÓN E DESEMPEÑO do estudante ao longo do curso. Observarase o seu aproveitamento e evolución, mais tamén e moi especialmente a súa dinámica na aula, a forma de argumentar, a colaboración cos compañeiros e todos aqueles elementos que teñan que ver coa aprendizaxe colaborativa e o traballo en grupo.	10

### Observacións avaliación

<p>1. A CUALIFICACIÓN FINAL na 2ª OPORTUNIDADE rexerese polas seguintes normas:1.1. Se na avaliación dalgún dos tres tipos de tarefas realizadas no curso non se acadou o nivel de aprobado, deberán reelaborarse para seren cualificadas de novo coas mesmas porcentaxes que na primeira oportunidade.1.2. As tarefas que teñan acadado o nivel de aprobado na 1ª oportunidade tamén poderán reelaborarse, se así o decide o estudante. En caso contrario, nesta 2.ª oportunidade manterase a cualificación que obtiveron na 1.ª.1.3. As tarefas que non se teñan presentado na 1.ª oportunidade deberán elaborarse para seren avaliadas nesta 2.ª oportunidade coa mesma porcentaxe da cualificación final que se lles asigna na 1.ª.1.4. Na avaliación da 2ª oportunidade tamén se terá en conta a cualificación obtida na 1ª por asistencia, participación e desempeño, que corresponde ao 10 % da cualificación final. Aos estudantes que non teñan cualificación neste apartado por ausencias xustificadas ou por dispensa de asistencia, o 10 % correspondente integraráselles na nota do traballo tutelado (que, deste xeito, equivalerá ao 55 % da cualificación final). 2. CUALIFICACIÓN DE NON PRESENTADO:2.1. Recibirán a cualificación de NON PRESENTADO (NP) os/as estudantes que non presenten o traballo tutelado ou non realicen de forma completa algún dos outros dous grupos de tarefas e teñan acadado o nivel de aprobado nas restantes.3. ALUMNADO A TEMPO PARCIAL E CON DISPENSA ACADÉMICA3.1. Aos/As estudantes matriculados a tempo parcial e con DISPENSA ACADÉMICA concedida integraráselles a cualificación deste apartado na nota do Traballo tutelado (que, deste xeito, equivalerá ao 50 % da cualificación final).4. OUTRAS OBSERVACIÓNS4.1. Os traballos académicos presentados polo alumnado da materia poderán ser incorporados á base de datos dunha ferramenta de detección de plaxio ou de presentación do mesmo exercicio en varias materias. De se producir algunha destas circunstancias, poderán activarse as medidas recollidas nas Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario da UDC.</p>
--





## Bibliografía básica

Alonso-Arévalo, J. (2014). Alfabetización en comunicación científica: Acreditación, OA, redessociales, altmetrics, bibliotecarios incrustados y gestión de la identidad digital. En *Alfabetización informacional: Reflexiones y Experiencias*, Lima-Perú, 20 y 21 de marzo del 2014. En <http://eprints.rclis.org/22838/>. Álvarez de Mon y Rego, Inmaculada (2001). ¿Problemas en torno a la definición del lenguaje científico-técnico? [en liña], *Ibérica*, 3, pp. 31-42, <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=2475901>. Argudo, S. / Pons Serra, A. (2012). *Mejorar las búsquedas de información* (1.ª ed.). Barcelona: UOC. Baiget, T. / Torres-Salinas, D. (2013). Informe APEI sobre Publicación en revistas científicas (= Informe APEI, 7). Gijón: Asociación Profesional de Especialistas en Información. En <http://www.apei.es/wp-content/uploads/2013/11/InformeAPEI-Publicacionescientificas.pdf>. Barrionuevo Almúzara, L. (2008). "El acceso abierto a la literatura científica en España: dos rutas de color". En *V Foro Mundial de Conocimiento Libre* (Puerto Ordaz, Venezuela, 19-23 noviembre 2007). *E-Prints in Library and Information Science*. En <http://eprints.rclis.org/11105/>. Bajtin, M. M. (1979 [1952-1953]). "El problema de los géneros discursivos". En *Estética de la creación verbal*, pp. 248-293. México: Siglo XXI. En <http://estafeta-gabrielpulecio.blogspot.com.es/2009/06/mijail-m.html>. Bericat, E. (1998). *La investigación de los métodos cuantitativo y cualitativo en la investigación social. Significado y medida*. Barcelona: Ariel. Bitchener, J. (2010). *Writing an Applied Linguistics Thesis or Dissertation: A Guide to Presenting Empirical Research*. Basingstoke: Palgrave Macmillan. Blair, L., *Writing a graduate thesis or dissertation*, Rotterdam : Sense. Boeglin Naumovic, M. (2007). *Leer y redactar en la universidad: del caos de las ideas al texto estructurado*. Sevilla: MAD. Cañs, J., *Metodología del análisis comparativo*, Madrid: Centro de Investigaciones Sociológicas. Cano Aguilar, R. (2000). *Introducción al análisis filológico*. Madrid: Castalia. Carlino, P. (2005). *Escribir, leer y aprender en la universidad: Una introducción a la alfabetización académica*. Buenos Aires: Fondo de Cultura Académica. Cassany, D. (1995) [1993]. *La cocina de la escritura*. Barcelona: Anagrama. Cassany, D. (2006). *Taller de textos: Leer, escribir y comentar en el aula* (= *Papeles de Pedagogía* 68). Barcelona: Paidós. Cassany, D. (2007). *Afilas el lapicero: Guía de redacción para profesionales*. Barcelona: Anagrama. Castelló, M. (coord.) (2007). *Escribir y comunicarse en contextos científicos y académicos: Conocimientos y estrategias*. Barcelona: Graó. Cea d'Ancona, M.A., *Metodología cuantitativa. Estrategia y técnicas de investigación social*, Madrid: Síntesis. Cordón García, J. A. (2012). *Las nuevas fuentes de información : Información y búsqueda documental en el contexto de la web 2.0* (2.ª ed.). Madrid: Pirámide. Das, A. K. (2015). *Scholarly Communications*. Paris, UNESCO. En <http://eprints.rclis.org/24869/1/231938e.pdf>. Duarte-García, E. (2007). "Gestores personales de bases de datos de referencias bibliográficas: características y estudio comparativo". *El Profesional de la Información* 16/6, pp. 647-656. En <http://hdl.handle.net/10810/7684>. Eco, U. (1994) [1977]. *Cómo se hace una tesis: Técnicas y procedimientos de estudio, investigación y escritura*. Barcelona: Gedisa. Fortanet, Inmaculada, Juan Carlos Palmer & Santiago Posteguillo, eds. (2004). *Linguistic Studies in Academic and Professional English*. Castelló de la Plana: Universitat Jaume I. García Gondar, F. (dir.) (2013) [1995]. *BILEGA (Bibliografía Informatizada da Lingua Galega)*. Santiago: Publicacións do CILL Ramón Piñeiro. Gordon, S. P. (2008). *Collaborative Action Research: Developing Professional Learning Communities*. New York: Teachers College Press. Hyland, K. (2000). *Disciplinary Discourses: Social Interaction in Academic Writing*. London: Longman. Kelly, A. E. / Lesh, R. A. / Baek, J. Y. (2008). *Handbook of Design Research Methods in Education*. New York: Routledge. Lavid, J. (2005). *Lenguaje y nuevas tecnologías: Nuevas perspectivas, métodos y herramientas para el lingüista del siglo XXI*. Madrid: Cátedra. Leki, Ilona (1998 [1995]). *Academic Writing: Exploring Processes and Strategies*. Cambridge: Cambridge University Press. En <https://docs.google.com/uc?id=0B8WFjZPxDbtJMXZtcEFkNzJDS00&export=download>. López Alonso, C. (2014). *Análisis del discurso*. Madrid: Síntesis. Loureda Lamas, Ó. (2003). *Introducción a la tipología textual*. Madrid: Arco/Libros. Marimón Llorca, C. / Santamaría Pérez, I. (2007). "Los géneros y las lenguas de especialidad (II): el contexto científico-técnico". En Alcaraz Varó, E. et al. (eds.), *Las lenguas profesionales y académicas*, pp. 127-140. Barcelona: Ariel. Martínez de Sousa, J. (1993) [1989]. *Diccionario de bibliología y ciencias afines* (2.ª ed. aum.). Madrid: Fundación Germán Sánchez Ruipérez. Martínez de Sousa, J. (2007) [2001]. *Manual de estilo de la lengua española* (3.ª ed. aum.). Gijón: Trea. Montolío, E. (coord.) (2000). *Manual práctico de escritura académica*. Barcelona: Ariel. Montolío, Estrella (2011). ¿La comunicación escrita en la sociedad del conocimiento. Formación universitaria y desempeño profesional? [en liña]. *Quaderns de Filologia: Estudis lingüístics*, 16, pp. 129-148, <https://ojs.uv.es/index.php/qfilologia/article/view/3936>. Montolío, Estrella, dir. (2014). *Manual de escritura académica y profesional*, Barcelona: Ariel, 2 vols. Moyano, E. I. (2001). "Una clasificación de géneros científicos". En *XIX Congreso*



AESLA (Universidad de León, 3-5 de mayo de 2001), pp. 1-9. En <http://userpage.fu-berlin.de/vazquez/vazquez/Clasificacion%20de%20generos%20MOYANO.pdf>. Muñoz Dagua, Elvia Clarena & Mireya Cisneros Estupiñán (2012). ¿Fundamentos para la construcción del discurso profesional en el aula universitaria? [en línea]. Cuadernos de Lingüística Hispánica, 20, pp. 93-114, & <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=4213980>; Narvaja de Arnoux, E. / Di Stefano, M. / Pereira, C. (2002). La lectura y la escritura en la Universidad. Buenos Aires: Eudeba. Nesselhauf, C. / Hundt, M. / Biewer, C. (eds.) (2007). Corpus linguistics and the web. Amsterdam: Rodopi. Regueiro Rodríguez, M. L. / Sáez Rivera, D. M. (2013). El español académico: Guía práctica para la elaboración de textos académicos. Madrid: Arco Libros. Reguera, Alejandra (2014). ¿La escritura académica en la universidad: literacidad, géneros discursivos e interacción dialógica? [en línea]. Revista Digital de Políticas Lingüísticas, 6, pp. 69-77, <https://revistas.unc.edu.ar/index.php/RDPL/article/view/8730>. Rojas García, Ilene (2016). ¿Género en Lingüística Sistemática Funcional y en Sociorretórica: Apuntes para una didáctica de la lectura y la escritura en la universidad? [en línea]. Cuadernos de Lingüística Hispánica, 28, pp. 93-114, & <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=5603096>; Sierra Bravo, R. (1988) [1986]. Tesis doctorales y trabajos de investigación científica: Metodología general de su elaboración y documentación (2.ª ed. aum.). Madrid: Paraninfo. Swales, J. M. (1990). Genre Analysis: English in Academic and Research Settings. Cambridge: Cambridge University Press. Tascón, M. (dir.) / Cabrera, M. (coord.) (2012). Escribir en Internet. Guía para los nuevos medios y las redes sociales. Barcelona: Galaxia Gutenberg / Fundéu BBVA. Vargas Franco, A. et al. (2007). Escribir en la Universidad: Reflexiones y estrategias sobre el proceso de composición escrita de textos académicos. Cali: Universidad del Valle. Vázquez, G. (coord.) (2001). Guía didáctica del discurso académico escrito: ¿Cómo se escribe una monografía? Madrid: Edinumen. Vázquez, G. (coord.) (2001). El discurso académico oral: Guía didáctica para la comprensión auditiva y visual de clases magistrales. Madrid: Edinumen. Venegas, René et al. (2015). Escribir desde la pedagogía del género: Guías para escribir el trabajo final de grado en licenciatura [en línea]. Valparaíso: Pontificia Universidad Católica de Valparaíso, 2015, <https://www.researchgate.net/publication/313987914>. Walker, R. (1989). Métodos de investigación para el profesorado. Madrid: Morata.



<b>Bibliografía complementaria</b>	Entregarase unha bibliografía complementaria e específica por temas.
------------------------------------	--

## Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

## Observacións

**RECOMENDACIÓNS PARA O ESTUDO DA MATERIA:**1. Convén posuír un nivel medio de comprensión do inglés, xa que os materiais de consulta recomendados poden incluír textos escritos nese idioma.2. Cómpre ter experiencia de navegación pola Internet e coñecemento dalgún catálogo bibliotecario e/ou base de datos bibliográfica.**OBSERVACIÓNS:**1. O plaxio total ou parcial é inadmisíble e contrario aos obxectivos perseguidos. Pode levar consigo a perda de máis puntuación que o valor da actividade afectada, e mesmo o suspenso na materia.2. A expresión oral e escrita do/a estudante debe ser correcta e adecuada ao seu nivel académico; de non selo, poderá reflectirse na puntuación referida.3. A materia tamén será impartida na Universidade de Santiago (código P5211105) pola profesora Inmaculada Mas Álvarez (e-mail: inmaculada.mas@usc.es) e na Universidade de Vigo (código V01M126V01105) polo profesor Benigno Fernández Salgado (bfsalgado@gmail.com).

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías